

## **PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

Do 21 de maio ao 22 de xuño de 2021.

Requisitos: para axuda do material ter unha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €  
Para o alumnado de n.e.a.e. con discapacidade maior ou igual do 65% pode solicitar con calquera renda per cápita.

Contía da axuda de material: 50€

Contía axuda para o alumnado de N.E.A.E. con discapacidade maior ou igual do 65% : 50 €

Obrigas dos beneficiarios: destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

## **COMO SE SOLICITA:**

Cóbrese o anexo I completo e o anexo II (para a autorización dos membros da unidade familiar, agás o solicitante). Debe estar asinado por todas as persoas membros da unidade familiar que obteñan ingresos, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.

A solicitude será única para todos/as fillos/as que estean admitidos no mesmo centro docente. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a.

## **TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES:**

As solicitudes presentaranse onde o alumnado vaia a estudar o próximo curso ou a través da aplicación Fondolibros, onde unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

1. Presentación no centro (\*)

2 Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

\*(O alumnado de 6º E.P. que non teña asignado centro para o curso 2021-2022 deberá presentar a solicitude Fondolibros no CEIP Espedregada)

Unha vez tramitadas, xerarase un vale que se entregará aos interesados. Unha vez recibido o vale, o interesado deberá entregalo no establecemento libremente elixido para adquirir o material.

PARA ACLARACIÓNS ou unha información máis completa:

A información anterior é un resumo da orde de 6 de maio de 2021 que se pode consultar no DOGA do día 19 de maio. <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>

Poio, 24 de maio de 2021

A dirección